



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Como ben sabe e comproba quen está subscrito a *Encrucillada*, a partir deste ano 2024, no canto de recibir cinco números recibirá catro, posiblemente con máis páxinas, con máis contidos. Pero, no que a nós respecta, isto vainos obrigar a que debamos dar información seguramente moi pasada, tendo en conta a velocidade coa que en moitos momentos se suceden e se amorean os acontecementos. Non queda outra. Pero todo ten o seu contrapunto. O narrado poderá ser recollido, non como nova última e rápida, escasa de ecos, senón acompañada xa do pouso e da calor coa que os días e a recepción do acontecido adoitan substancialo. E nesas andaremos, contando coa comprensión de quen nos lea.

1.- E non se nos revolgen as tripas!

Levamos catro meses de guerra en Palestina. Á barbarie primeira do grupo terrorista Hamás sucedeulle unha barbarie segunda multiplicada por mil, que ten todas as trazas de xenocidio, polo menos de xenocidio entendido como intento de varrer da súa propia terra varios millóns de habitantes, non sen antes matar indiscriminadamente máis xa de 25.000 persoas inocentes, entre as que están incluídas por riba de 10.000 crianzas. Non temos nada que engadir ao que xa compartiamos na anterior Crónica, como non sexa o abraio total ao ver que practicamente todo o mundo que podería influír no remate desa situación está calado, tragando con aquiescencia ou sen ela todas

as atrocidades que a diario se repiten.

Hai quen apunta ao enorme poder e influencia do *lobby* (grupo de presión) xudeu norteamericano, co cal ou sen o cal EE.UU. está a se posicionar claramente do lado xudeu co seu armamento, coa súa estratexia xeopolítica, co seu poder de veto nas asembleas da ONU. E, polo de agora, se EE.UU. di que si, todo o mundo occidental di mimeticamente que si, aínda que a intensidade sexa diferente segundo países.

Dentro deste estado de cousas, chamáronnos positivamente a atención dous feitos. Un consiste nunha conferencia dun (ex)periodista xudeu (non podo dicir o nome, pois na conferencia transmitida, non lle puxeron nome), na que se opón á barbarie do goberno do seu país, e faino razoando que se o seu pobo leva adiante e tolera tanta barbarie, é por tres razóns substanciais: 1) A conciencia de sermos un pobo escollido autorízanos para facer o que nos pete, sen remordementos. 2) O feito de nos presentar como vítimas sempre, tamén nesta circunstancia histórica con-

creta, polo feito de que durante séculos e especialmente na 2.^a Guerra Mundial o fomos clarísimamente. 3) Ter o convencemento de que os membros do pobo palestino non son seres humanos coma nós, non hai que tratalos conforme aos dereitos humanos, podémoslos tratar como animais.

Sabemos que hai moita poboación xudía, espallada polo mundo adiante que non comparte as decisións do seu goberno. Pero parécenos que esa desconformidade non é un clamor, como tampouco o é entre nós.

E o segundo feito que quería ofrecer aos lectores é o coñecemento dunha Teoloxía palestina da liberación contra o colonialismo e o xenocidio, que ten o máximo representante no teólogo palestino Naim Stiffan Ateek, sacerdote anglicano, que ten varias obras publicadas. Xa no 1991 creou en Xerusalén o Centro de Teoloxía da Liberación Ecuménica de Sabeed, un movemento ecuménico de cristiáns e palestinos.

Unha teoloxía que ten estas características: contextual (situación palestina), de liberación do

colonialismo imperialista (EE. UU. está detrás), non violencia activa, ecuménica, interrelixiosa (xudía, cristiá, musulmá), profética, crítica co sionismo cristián, apolítica, pero cuestionando sistemas políticos que obstrúen a xustiza e a reconciliación entre o pobo xudeu e o palestino.

Coidamos que pode ser un instrumento ben positivo, maiormente pola súa opción de non violencia activa. (Para quen se interese, cf. Juan José Tamayo, *Teología de la liberación: contra el colonialismo y el genocidio*: <https://www.Infolibre.es/129-19a183>).

2.- A voltas coas vítimas de abusos

Foi un tema candente durante o outono pasado. Foino para as persoas abusadas e foino tamén para a CEE, que andou algo ás apalpadelas ata que á fin parece que atoparon algo o seu lugar.

Abríase a fase coa entrega, por parte de Angel Gabilondo, do informe antiabusos na Igrexa española, levado a cabo por mandato do Congreso dos Deputados. Un tomo de 777, páxinas que foi entregado á

Comisión Executiva da CEE o 8 de novembro. O que máis saltou á prensa e ao que máis se agarraron os bispos para relativizar o resultado do estudo foi a ditosa extrapolación dos datos da entrevista, que elevaría o número de persoas abusadas ata 440.000. Un verdadeiro despropósito, que non debería ser empregado para canalizar o malestar existente no episcopado español ante un asunto que moito os revolve –e a quen non! O que a opinión pública recibiu do episcopado foi a incomodidade ante o estudo e a busca de escusas para non se poñer de fronte ante o feito real que o estudo poñía de manifesto.

Tanto era así, que por aqueles días quen mellor nos parecía retratar a reacción episcopal era Jaume Boix escribindo unha editorial da revista *El Ciervo* [(802) Nov/Dec, 2023, páx. 7]. Percibía na reacción oficial da CEE o mesmo que dicíamos máis arriba «entre outras razóns –para o editorialista– pola actitude opaca e obstrucionista da Igrexa durante décadas». Tachar de mentira, descualificar, ironizar, acender o ventilador co «e ti máis» de sempre,

vitimizarse, botar balóns fóra, confundir cos números, defender a institución, isto é cousa dalgúns...

Compara o editorialista esta reacción coa existente por parte de Igrexa francesa, da que cita textualmente estas palabras: «a responsabilidade institucional e a dimensión sistemática destas violencias: non se trata de feitos individuais illados senón que un conxunto de funcionamentos, de mentalidades, de prácticas no seo da Igrexa permitiron que estes actos se perpetuasen e impediron que fosen denunciados e sancionados». E sobre a reparación os bispos franceses chamaron a «desfacerse, se fai falla, de bens inmobiliarios e mobiliarios da Conferencia e das dioceses ou a subscribir préstamos». Así que, referíndose aos bispos españois, remataba con retranca: «Saben moito latín, pero ignoran o francés. Que mágoa!».

Pero, ao noso modo de ver, que comparten moitos observadores, a postura tomada pola CEE a partir da Asemblea Xeral Ordinaria do 20-24 de novembro pasado, transmitida polo cardeal Omella, estaba desta

volta nunha onda algo próxima á dos bispos franceses. Poderíase resumir en: deixémonos de banalidades, non hai escusas, isto é moi serio, aféctanos a todos, poñámonos a buscar solucións cunha reparación integral, sen agardar a que outros o fagan.

Posteriormente a CEE, o 21 de decembro, cando xa coñece o informe do bufete Cremades&Calvo Sotelo, ofrece unha especie de síntese entre este informe e o do Defensor do Pobo con interesantes propostas. Faino co escrito *Para dar luz II*, que completa o *Para dar luz* de xuño pasado. 1.300 páxinas, catro volumes, 806 casos de abusos recoñecidos (recoñecen que pode haber máis), pasos a dar para acabar con esta historia nefasta, fondo de reparación... Parécenos moi importante a creación dunha comisión antiabusos permanente, baixo a dependencia orgánica do secretariado xeral da CEE, presidida por un leigo, que intente unificar a resposta eclesial, ofrecendo unha maneira común de prevención e de actuación, evitando no posible que cada quen (bispos, congregacións relixiosas) vaian polo seu lado.

Optan os nosos bispos por un plan integral de reparación ás vítimas, pero sen contribuír a un fondo estatal, como falaran noutrora, e sen crear tampouco unha caixa común propia. Parécelles que o vitimario, a diocese ou a congregación relixiosa poderán afrontar os custos, porque iso permite o número contido de casos.

Oxalá todo isto chegue a boa fin. Todo o procedemento, con idas e voltas, con altos e baixos, optando ao final por facer valer a propia valoración do asunto por parte da CEE, non nos parece precisamente un exemplo de boa xestión. Alguén, non sen razón, poderá argumentar que non se pode ser a un tempo xuíz e parte. O mal da pederastia para o corpo eclesial está feito; os efectos para a credibilidade da Igrexa penetran a fondo na sensibilidade da xente. Queda certamente moito traballo por facer, mesmo habería que dicir que este debería empezar agora, cando as cartas parecen estar postas con claridade enriba da mesa. O caso recente do sacerdote toledano Pedro Francisco Rodríguez que, aínda estando acusado de pederastia, é mandado a Moyobamba (Perú),

con funcións que implicaban relación con xente nova. O caso do sacerdote salmantino e vigairo de Pastoral Poli Díaz, que desde os 16 anos e durante 10 sufriu abusos sexuais por parte doutro crego 20 anos maior que el abriu tamén novas feridas. O agredido, por razóns persoais de sanación, viu que lle era necesario informar diso abertamente aos seus fregueses; a receita do seu bispo aconsellado por un arcebispo foi que levase á tumba o seu segredo. Loxicamente non o fixo así. E logo en Roma desatenderon o asunto, alegando que daquela os 16 anos eran maioría de idade e que a cousa non era senón un acto pecaminoso do abusador. Segue custando coller o boi polos cornos.

Como segue custando desenlear o revolto sistémico, que afecta a toda a institución, e que saíu á luz unha vez máis co caso do franciscano Javier Garrido, escritor prolífico e moi lido sobre temas de madurez humana e espiritualidade, que xustamente aproveitaba a súa ascendencia humana e espiritual (!) para abusar sexualmente de relixiosas. Algo moi

serio de fondo está aí, para que estas cousas tan incomprendibles sucedan. Ata o de agora a apelación ao clericalismo, ao abuso de poder clerical, foi a única razón de peso que se puxo enriba da mesa. Foi o mesmo Papa quen máis insistiu niso, pero non faltou nin falta quen lle quite ferro e a desprece.

3.- E de castigo, ir a Roma?

Por un momento sigámos-lles os pasos aos nosos bispos. Tiñan cita en Roma co Dicasterio para o Clero nunha reunión que presidiría o papa Francisco. A prensa falaba de viaxe de castigo, porque supoñía que alí recibirían por parte das autoridades romanas, incluído o Papa, unha boa repreensión sobre todo pola bailada no tema da pederastía. Igual era o que a opinión pública desexaba, pero non foi así.

Foi o 28 de novembro. Trátase exclusivamente de revisar a realidade dos seminarios españois á luz da análise feita no seu día polos bispos uruguaios Milton Luís Tróccoli e Arturo Eduardo Fajardo, despois do xa coñecido periplo por todos os seminarios españois. Periplo e

análise debidos á sensación que había, e transcendía ata Roma, de que nos nosos seminarios non chegara a darse a renovación proxectada polo Dicasterio do Clero co documento *Ratio Fundamentalis Institutionis Sacerdotalis* (ano 2015), que en España tomara corpo no documento da CEE titulado *Formar pastores misioneros* (2019).

Parece que o clima, con todo, foi cordial, nada de refregas nin cousas semellantes, pero tampouco nada de aloumiños, e si de ánimos para poñerse dunha vez por todas ao traballo. Tanto é así que as propostas do Dicasterio do Clero quedaron breve e claramente expostas en doce folios que cada bispo levou para a súa diocese coa obriga de poñelas en funcionamento de aquí ao ano 2026.

Abriu o acto o predicador da Casa Pontificia Raniero Cantalamessa cunha meditación que, disque, axudou a dispoñer ben os ánimos. Mentres o Papa presidiu a reunión mantívose un ton coloquial, agradable, positivo; o Papa en definitiva gustaría de termos curas non movidos por ideoloxías, senón maduros en todos os campos,

e curas en saída: curas con madurez psíquica e sexual, curas avezados na oración para unha espiritualidade sólida.

Despois, cando a cousa quedou nas mans do Dicasterio do Clero e se empezaron a enumerar as esixencias ás que había que ir dando resposta práctica, houbo as súas disensións. Temas como a reagrupación de casas de formación, a diagnose psicolóxica dos candidatos ao sacerdocio, a necesidade dos informes periódicos a Roma, a esixencia dun curso propedéutico antes do ingreso no seminario como tal, e a mesma obrigatoriedade de ter que aplicar estas pautas, deixaron ver os diferentes criterios cos que se moven algúns bispos polo menos.

Sería ben, pensamos, que o contido deses 12 folios fose compartido abertamente en cada diocese, para que a cousa non quede só nas mans do bispo nin sequera nas do seu equipo máis próximo. O que afecta a toda a diocese, debería ser coñecido por toda a diocese, aínda que logo a responsabilidade da súa posta en práctica se reparta ordenadamente.

Esperemos que se dean pasos, tantos como deles temos necesidade. Moi probablemente a realidade social e eclesial actual estea demandando un modelo de seminario (habería que esquecer xa a mesma palabra: gústame o de «comunidade de formación»), que substancialmente segue a ser o mesmo que soñaron como ideal os participantes no concilio de Trento (s. XVI), sobre todo no de separación da comunidade social, no de illamento do feminino, no da escaseza de formación afectivo-sexual, no de centrar a formación só en temas filosóficos e teolóxicos (canto ensina en forma e fondo, unha boa literatura, p. ex.) etc.

A Igrexa do presente, e máis aínda a que se aveciña, é moi diferente da Igrexa soñada nas nosas «comunidades de formación» ata hai ben pouco. Unha Igrexa máis feita por todos, máis sinodal, por empregar unha palabra de actualidade, necesita procesos de formación para o clero –e por suposto para calquera persoa activa na comunidade eclesial– adaptados a esa nova realidade á que deberán servir.

4.- Desde a diocese metropolitana de Galicia

Estase estreando o arcebispo de Santiago de Compostela, Francisco Xosé Prieto Fernández. Fíxoo primeiro cos nomeamentos de cargos importantes cos que compartirá a responsabilidade de goberno, e fíxoo logo, hai pouco, sinalando as liñas fortes da súa maneira de entender e realizar a presenza cristiá nestes tempos revoltos, inquedados, de decrecemento eclesial. Foi o 3 de decembro, a través dunha carta pastoral de Advento, titulada con palabras de Is 2, 5 «Camiñemos á luz do Señor», e co significativo subtítulo de «Orientacións para un camiño de renovación pastoral».

Iso quere dicir que a carta transmite as prioridades que o novo arcebispo quere imprimir ao seu labor evanxelizador na arquidiocese compostelá. Xa no subtítulo e logo no desenvolvemento do escrito resoa directa e indirectamente aquilo da «conversión pastoral», que marcou tamén os comezos do Papa Francisco, hai algo máis de 10 anos. «A ledicia do Evanxeo» deste Papa é citada ata 17 veces nunha carta que é relativamente breve.

Basicamente o arcebispo Francisco Xosé expón tres grandes campos de traballo. O primeiro fai referencia ás actitudes humanas, espirituais, ao talante evanxelizador co que se sitúa ante a evanxelización no momento presente: fóra profetas de calamidades, fóra o espírito de queixa, fóra rutinas, e poñerse a andar con ánimo positivo, esperanzado, dispostos a cambiar todo o que sexa necesario cambiar, retomando o camiño sinalado polo sínodo diocesano dos anos 2016-2017.

A conversión misioneira que se aborda no segundo campo de traballo ten que ver coa corresponsabilidade de cantas persoas formen parte das nosas comunidades. Poder cumprir cunha presenza evanxelizadora nas 1.070 parroquias da arquidiocese demanda neste momento «reavivar e establecer aquelas estruturas a través das cales se mostre e revitalice a común vocación bautismal de ser discípulos misioneiros por parte de todos os que formamos esta comunidade diocesana». E fala de activar organismos diocesanos xa presentes polo menos nominalmente, pero que non están a responder, iso

parece, ao que deles habería que esperar. (Diferentes Consellos diocesanos e de UPAs e parroquias.)

E para o novo arcebispo o terceiro campo de traballo ten que ver co labor de anunciar a boa nova, que el concreta en dous campos: a tarefa do primeiro anuncio e, logo, a da iniciación cristiá, para a que cre necesario elaborar un novo Directorio diocesano de Pastoral da Iniciación Cristiá, para converter esta «nunha verdadeira introdución experiencial á totalidade da vida de fe...».

Gústannos estas propostas de renovación pastoral. Recoñecemos que son propostas que en teoría se están proponendo aquí e acolá en sínodos diocesanos, nas programacións anuais ou plurianuais das dioceses; pero tamén vemos que o tren evanxelizador non dá arrincado, ou faino cunha lentitude excesiva, que ás veces cansa máis do que unha tarefa asumida con audacia e decisión. Os nosos procesos de Iniciación Cristiá, fundamentalmente orientados cara á Primeira Comunión das crianzas e cara á Confirmación de adolescentes e mocidade,

absorben moitas enerxías e acaban adoito en fracasos polo menos aparentes. As rutinas establecidas, co noso consentimento, coas familias átannos as mans e frean a decisión de implantar outros procesos de Iniciación con máis garantías. Quizais só cando a casa estea derrubada de todo será posible poñer novos alicerces. Pero tamén todos podemos testemuñar que aquí e acolá vai habendo experiencias ben positivas que igual son xa semente do que logo, cando sexa, virá.

(Sobre das posibles formas de responder a estas demandas de renovación eclesial, parecéronnos interesantes os artigos de Jesús Martínez Gordo, aparecidos en *Religión digital* o 18/11/2023, 9/12/2023 e 2/01/2024.)

5.- Un engadido necesario

Tiñamos xa redactada esta parte da presente Crónica cando soubemos da entrevista que ao arcebispo de Santiago se lle facía en *La Voz de Galicia* o día 14 de xaneiro. A maiores dalgunha referencia ao xa dito no apartado anterior, xurdiu o tema da lingua galega, ao que

consideramos oportuno facer referencia, e facémolo limitándonos simplemente a reproducir as preguntas e respostas correspondentes:

- Boa parte da súa homilía na toma de posesión foi en galego. Marcaba a súa intención de normalizar o seu emprego na liturxia?
- Na liturxia e no contexto da nosa vida eclesial e pastoral. Eu penso que somos unha comunidade na que temos que buscar sempre un uso normalizado das dúas linguas propias, galego e castelán, nunca ideolóxico. Entendo que na nosa terra o falamos con normalidade [o galego], pero tamén temos que darlle un uso nestes ámbitos celebrativos, institucionais e oficiais á lingua galega, que é tamén na que expresamos a nosa alma, o noso ser galegos e o noso ser crentes. É camiñar cara a unha normalidade que tamén buscaba con esa gran parte daquela homilía en galego.
- Anunciou na súa visita á Real Academia Galega unha nova edición do Misal en galego. Como vai?
- A edición revisada do Misal galego está concluída, en fase de impresión. A intención é que poida estar dispoñible para ser utilizada no inicio do tempo coesmal, desde mediados de febreiro.
- Aquel día falou do necesario esforzo de todos para normalizar o lingua na liturxia. Ve na curia a sensibilidade e compromiso polo que avogou vostede?
- Vexo sensibilidade e preocupación, tanto na nosa Igrexa coma na sociedade en Galicia, por que a nosa lingua sexa habitual nun uso normalizado. Temos que facer todos un esforzo, ía dicir catequético, pero vou dicir máis ben pedagóxico. Unha pedagogía de entender que cando falamos unha lingua non o facemos desde unha opción parcial ou ideolóxica, senón que é unha opción do ser galegos. Unha pedagogía que nos faga comprender que o feito de utilizar o galego nas nosas celebracións eclesiais e pastorais non é nin moito menos excluínte; ao contrario, dámoslle un uso normalizado perfectamente integrado co uso do castelán.

E, entrando xa no tema que imos abordar no apartado seguinte, preguntáballe o periodista:

- Que lle parecen recentes reformas do papa Francisco, como a bendición a unións de persoas do mesmo sexo, ou de persoas divorciadas que volvan casar?
- O recente documento do Dicasterio para a Doutrina da Fe, *Fiducia supplicans*, aprobado polo papa Francisco, non altera a doutrina sobre o matrimonio, pero convida a pensar as bendicións desde o seu sentido pastoral. O feito de que unha parella do mesmo sexo reciba unha bendición non implica que se estea recoñecendo esa unión como equiparable ao sacramento do matrimonio. Neste punto, tanto *Fiducia supplicans* coma o maxisterio de Francisco son moi claros. A bendición dunha parella homosexual ou en situación irregular quere expresar, en primeiro lugar, que os recoñece como fillos de Deus e da Igrexa, necesitados do amor misericordioso de Deus nas súas vidas. Non se trata

de bendicir ou aprobar unha situación, senón de pedirlle a Deus que poña a súa bondadosa man paterna nas vidas destes fillos que veñen suplicar a súa axuda. Na Igrexa hai lugar para todos, e a misericordia de Deus chega a todos.

6.- Por Deus, o que custa dar unha bendición!

Tristemente, polo menos para algúns sectores de Igrexa, foi o tema estrela deste Nadal. Desde o Vaticano, en *Fiducia supplicans*, documento emitido polo Dicasterio da Doutrina da Fe e firmado polo mesmo Papa, autorizan para poder dar bendicións a parellas gays, ou a parellas heterosexuais voltas a casar despois de romper coa primeira parella coa que se uniran sacramentalmente. Advertindo, iso si, con precisión, que non se trata de ningún tipo de matrimonio nin aceptación da opción da parella, senón dun sinxelo detalle de achegamento pastoral, co desexo de que iso poida ir axudando a avanzar na maneira de vivir a súa realidade.

Para moitas persoas a autorización, condicionada como vai por unha serie de requisi-

tos case absurdos (que non se faga no templo, que ninguén vaia con traxe de noivos, que sexa moi breve, que non haxa ritual establecido...), parece máis un desprezo ca un aprecio. Para outros, en cambio, a concesión desa raquítica bendición, en fondo e forma, é unha forma de romper coa doutrina tradicional da Igrexa e debe ser claramente desobedecida. Houbo cardeais –Sarah, Müller non adoitan faltar a estas citas– que razoaron esta posición, ao noso ver erroneamente, sobre todo pola súa magnificación do feito, que en si é o que é, coma un saúdo, unha aperta que lle dás a unha persoa que respectas e aprecias, aínda que non compartas as súas opcións de vida. Houbo bispos, tamén españois, mesmo Conferencias Episcopais enteiras sobre todo en África, curas, grupos de curas, e segres que fixeron campaña polas mesmas razóns. Emporiso, a maioría da Igrexa, desde o silencio ou desde a pública manifestación, concorda con esta nova proposta pastoral. Desde o Vaticano o mesmo Papa manifestou claramente que a autorización debía ser respectada, aínda que

tamén aceptou que en África, dada a súa especial cultura tan reticente e mesmo belixerante coa condición homosexual, non se practicase o autorizado polo tal documento.

E volvemos meter os pés na mesma lama, parécenos. Sen entrar xa noutra casuística, se damos por feito que a homosexualidade é a súa condición natural para moitas persoas que veñen a este mundo, como parece estar ratificado pola ciencia, que esixencia moral lles pode impedir que poidan vivir en parella? Non quere Deus que cada persoa sexamos aquilo que realmente somos, e que o sexamos a fondo, con paz, con plenitude, como unha diminuta parte dese todo Un que é o mesmo Deus? Sempre aparece a obxeción maior: que se unan –dicía un Papa xa defunto–, que convivan, pero coma irmáns. Non é algo ridículo que pretendamos regular nós as prácticas agarimosas, sexuais dunha parella? Chámame a atención esta nosa reacción, ríspeta sempre, ante os temas de sexualidade. Que nos pasa para saltar á primeira e con que acritude, no nome da Doutrina e da Tradición, ante cousas deste ramo, e, non obs-

tante, sermos tan remisos ante cuestións claramente evanxélicas, como por exemplo aquilo de non pretender servir a Deus e ao diñeiro (cf. Mt 6, 24), ou o de perdoar ata setenta veces sete (cf. Mt 18, 22), ou o de que Deus ama as persoas xustas e as inxustas (cf. Mt 5, 45), ou de ser persoas que estamos para servir e non para ser servidas (cf. Mc 10, 45), ou o de non desprezar as persoas máis cativas e insignificantes (cf. Mt 18, 10)...

Sobre as parellas casadas pola Igrexa, divorciadas e que volven casar –outro grupo ao que se lle quere ofrecer ou negar bendicións–, sen renunciar ao ideal da vinculación permanente dunha parella, a realidade é que na nosa sociedade, por razóns de cultura, de estrutura persoal, de posturas ante a resiliencia, de cativa tolerancia ante a fracasos puntuais, de busca inmediata doutras «experiencias» mellores etc., a realidade é –repetimos–, que a separación nos matrimonios de ser algo excepcional pasa a ser algo relativamente normal e frecuente. E, se unha persoa, despois de casar e pasar por un proceso tal coma o que case vén ditado polo ambiente cultural,

nun momento, con máis madurez, bate coa persoa coa que si ve posible establecer unha vinculación fixa, ímola obrigar por mandato divino a que desfaga todo e volva ao amor primeiro fracasado, que non foi tal? Non é digna, acaso, da nosa acollida, da nosa bendición, así sexa na forma mínima en que *Fiducia supplicans* o consente? Daríalles as costas Xesús ou bendiríalos como sinal de acompañamento nun proceso chamado a algo por fin exitoso?

Entendo que a todos –eu inclúome– nos faría moito ben entrar moito máis, de veras, no corazón de Deus, para remexernos ben nestas cuestións. Ou simplemente termos máis humanidade. Como para ver ben que persoas trans poidan ser bautizadas ou que poidan ser padriños e madriñas nos bautizos, se por fe e integración comunitaria están para o poderen ser. Cousas ambas que veñen de ser tamén autorizadas desde o Vaticano.

7.- 55 anos de liturxia en galego

Do 22 de xaneiro ao 29 de febreiro tivo lugar no claustro menor do mosteiro de San

Martiño Pinario, en Santiago, unha exposición que levaba por título «55 anos da liturxia en galego. 1969-2024». A exposición foi promovida por SEPT, co apoio da Xunta de Galicia e da Arquidiocese de Santiago de Compostela. Poida que os anos fosen escollidos non tanto pola cifra en si coma pola coincidencia de tres factores importantes: a recente publicación, no 2023, dunha nova edición da Biblia en galego, actualizada na súa escrita; a inmediata aparición dunha nova edición do Misal Romano en galego, tamén actualizada –non sabemos se algo máis ca na escrita–, e o feito non insignificante de que a sé santiaguesa estea presidida por un arcebispo galego con querenzas pola nosa fala e con ansias de empuxar cara á súa normalización no culto católico.

A exposición en si é sinxela: oito paneis nos que se van presentando os pasos dun proceso que parte de cando no Concilio Vaticano II se autoriza o uso das linguas vernáculos na liturxia (4/12/1963). De primeiras en Galicia as autoridades relixiosas consideran que o castelán é a lingua vernácula correspondente, no canto do galego, e así

se fai desde o 1/1/1965. Cousa que xera unha forte protesta social entre os anos 1965-1967. Vanse dando pasos: autorización do uso do galego na misa de Rosalía do 1965 oficiada polo padre Xaime Seixas, a autorización para dicir a homilía en galego no 30/1/1966.

Por fin o 8/12/1968 apróbase en Roma o recoñecemento do galego como lingua litúrxica nas dioceses galegas, cousa que vai acompañada pola publicación por parte de SEPT dun Misal Galego algo provisional, que logo no 1987 sería substituído polo Misal Romano posconciiliar en galego; no 1989 SEPT publica a Biblia en galego, que posibilitaría que a partir do 1997 fosen aparecendo os leccionarios oficiais para as celebracións litúrxicas.

Dispoñemos, logo, a día de hoxe de todos os materiais necesarios como para poder normalizar o uso do galego na liturxia, e hai un número importante de parroquias onde si se fai. Pero tamén debemos recoñecer que na maioría das parroquias galegas, máis no urbano ca no rural, o galego na práctica segue a estar vetado.

Carecemos dos materiais espirituais precisos, da vontade de querer facelo, da responsabilidade cultural e relixiosa de ofrecer o acceso á experiencia de fe desde a nosa identidade persoal e social galega. As razóns poden ser moitas: no fondo poida que subxaza o complexo atávico de pensar e sentir que o galego é de xente pobre, ignorante e paifoca; pero a isto súmanse razóns políticas que simple ou interesadamente asocian uso do galego con independentismo. Custa crer que non se vexa que o galego é unha enorme riqueza cultural, antropolóxica, espiritual tamén polo tanto, que en todo caso o que fai é enriquecer as outras comunidades coas que comparte Estado e vida. Custa máis aínda crer que nos seminarios a cuestión do galego con frecuencia é tratada como algo trivial, que non ten nada que ver «co noso».

Encrucillada aproveita a oportunidade para agradecer encarecidamente a SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos) e aos seus sucesivos dinamizadores o inxente labor que estiveron e están levando a cabo a prol dunha causa tan digna e entrañable. SEPT está conformada por leigos e leigas

galegas, cristiás, que traballan desde a gratuidade e desde a paixón por algo tan senlleiro para nós como é a fala do noso pobo. Grazas de corazón.

E aquí acabamos desta volta a nosa Crónica. Titulámola «Carta desde a banda da esperanza», e igual o que hoxe compartimos non sexa moi alentador. Pero a esperanza solta tamén os seus berros precisamente no medio da desgraza. Iso esperamos. E, se non, volvamos os ollos cara a tanta cousa miúda, preciosa, que día a día enche o quefacer de tanta xente, entre a que quizais tamén se atopa quen isto le. Un exemplo, esa 10.^a Xornada interdiocesana de pastoral penitenciaria de Galicia do 16 de marzo, abordando o tema «A estancia en prisión e as súas consecuencias. Prisionización e saúde mental», onde contaremos coas importantes achegas de José Luís Segovia Bernabé, cura, avogado e criminalista. O Reino de Deus, esa semente pequerrechiña que medra sen sabermos nós, nin como nin cando (cf. Mc 4, 27).

E isto acabouse. Boa e santa Pascua de vida, paz e liberdade.

Manuel Regal Ledo